

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN “RENACER” PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE INCORPORACIÓN SOCIAL A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS. PROGRAMA DE ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2019

REUNIDOS:

DUNHA PARTE: Don Jesús Vázquez Almuíña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E DOUTRA: Dna. María González Suárez, presidente da asociación “RENACER” de Ribeira, con CIF: G15281611, que actúa en nome e representación da mesma,

MANIFESTAN:

PRIMEIRO.- Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de Xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e integrará medidas encamiñadas á incorporación social dos problemas derivados dos trastornos adictivos.

SEGUNDO.- Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria é a unidade administrativa á que se refire o artigo 3.1º do Decreto 389/1994 do 15 de decembro polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas sociosanitarios e de saúde mental da Comunidade Autónoma, así como coordinar os dispositivos dependentes doutras institucións e administracións.

Así mesmo, segundo o artigo 10.1 do Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a través da Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é a responsable de coordinar a elaboración dos obxectivos de incorporación social, asumindo as funcións que lle asignan ao Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas no Decreto 254/1997, do 10 de setembro, polo que se procede á creación do Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas, así como a colaborar na implantación e seguimento de programas de reinserción de pacientes drogodependentes que se leven a cabo na Comunidade Autónoma.

TERCEIRO.- Que a asociación RENACER de Ribeira é unha entidade privada sen ánimo de lucro que desenvolve programas de incorporación social de drogodependencias prioritariamente nos ámbitos social, xurídico e laboral.

CUARTO.- Dada a especificidade técnica que requiren os devanditos programas de carácter sociosanitario e incorporación social, así como as actuacións que desenvolve a entidade no relativo á programación, coordinación, execución e avaliación das distintas accións e a prioridade de darlle continuidade aos programas que se desenvolven a través da rede de incorporación social do Plan de Galicia sobre Drogas obxecto do convenio, non é posible promover concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTO.- Que todas as partes consideran esencial o establecemento de accións conxuntas en materia sociosanitaria e de incorporación social de drogodependencias.

Por todo isto, dadas as razóns de interese público que constitúe o seu obxecto, e de acordo co previsto nos artigos 19.4 a) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, todas as partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Este convenio ten por obxecto o desenvolvemento, por parte da asociación “RENACER” de Ribeira, de programas de incorporación social de trastornos adictivos, sendo a devandita entidade a responsable técnica e administrativa de xestión do programa obxecto deste convenio.

SEGUNDA.- Desenvolveranse programas no ámbito da incorporación social a través do Programa de Atención Xurídico Social (PAXS).

O PAXS deberá ser dirixido á atención integral das persoas con trastornos adictivos e problemática legal engadida, prestando axuda técnica a xuíces e fiscais sobre a realidade social e persoal, así como ao persoal asistencial e familias.

A prestación dos mencionados servizos levarase a cabo por parte dos profesionais que integran o equipo nos diferentes dispositivos da asociación. Excepcionalmente, cando polas especiais características dalgunha das actividades a desenvolver ou das necesidades dos beneficiarios das mesmas sexa necesario, a entidade beneficiaria poderá subcontratar ata un máximo do 50% da contía total concedida.

Serán de aplicación o artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de Xaneiro: enténdese que unha entidade subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada. Así mesmo, en ningún caso concertará a execución parcial ou total das actividades subvencionadas con persoas ou entidades que recibiran outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.

TERCEIRA.- A asociación comprométese a cumprir coas obrigas que o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia esixe aos beneficiarios, e acepta ademais os seguintes compromisos:

- a) Aceptar e colaborar coas medidas establecidas polo Servizo Galego de Saúde para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe o presente convenio.
- b) Cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación dispostas polo Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial.
- c) Deberán ter actualizados os rexistros de tal maneira que poidan remitir á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial a actividade dos usuarios, con periodicidade semestral, facendo constar:
 - 1. Número de admisións e intervencións realizadas
 - 2. Actividades realizadas nos dispositivos da asociación.
 - 3. Así mesmo, enviarase unha relación do número de solicitudes de admisión que lle acheguen e un informe onde conste se foron admitidas ou, no seu caso, rexeitadas, indicando a razón do seu rexeitamento.
- d) Comunicar calquera modificación, suspensión ou vacante no cadro de persoal.
- e) Manter actualizados os sistemas de información que estean en funcionamento nos dispositivos.
- f) Coordinarse coas unidades de condutas adictivas do seu ámbito de actuación.
- g) Coordinarse con outros centros, servizos e programas recollidos dentro do Plan de Galicia sobre Drogas, co fin de asegurar a programación homoxénea dos mesmos.
- h) Someter á consideración técnica da Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial calquera programa ou intervención que, non estando contemplada dentro do documento que estableza os instrumentos de planificación en materia de incorporación social de trastornos adictivos, vai poñer en marcha o equipo técnico. Para tal fin a dirección técnica deste equipo presentará o programa a desenvolver e constará como mínimo dos seguintes apartados:

- a. Denominación do programa.
 - b. Xustificación da actuación.
 - c. Descrición do programa: metodoloxía.
 - d. Desenvolvemento programático: obxectivos xerais e específicos, poboación destinataria, difusión prevista, recursos humanos e materiais, mecanismos de coordinación, desglose de actividades, cronograma, orzamento e avaliación prevista.
- i) Axustarse á lei de protección de datos e as instrucións do Servizo Galego de Saúde sobre esta materia.

CUARTA.- Salvo que se xeren créditos adicionais co mesmo fin, o Servizo Galego de Saúde comprométese para levar a cabo o programa a achegar a cantidade de catorce mil cincocentos sesenta e sete euros (14.567,00€) con cargo a aplicación orzamentaria 5001.413A 481.28, co código de proxecto 20140030, consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

No caso de que se produza un incremento de crédito derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación, elaborárase unha addenda para ampliación do presente convenio formalizando así o libramento da contía correspondente.

QUINTA.- A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

SEXTA.- A contía indicada na cláusula cuarta farase efectiva do seguinte xeito:

Logo da sinatura do convenio, poderase efectuar un pago anticipado, segundo o artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aportando por parte da asociación:

- Solicitude de pago anticipado
- Unha memoria coa descrición do programa de actividades que se van realizar

durante a vixencia do convenio

- Declaración responsable sobre a titularidade da conta bancaria onde se vai a realizar o ingreso, conforme ao modelo indicado no Anexo 3.
- Declaración responsable de atoparse ao día no cumprimento de obrigas tributarias e fronte á seguridade social, e de non ter ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma de Galicia, conforme ao modelo indicado no Anexo 3.

Poderanse realizar pagamentos parciais até un máximo do 80% do importe total deste convenio (incluído o anticipo), a conta da liquidación definitiva e segundo se desenvolvan as actividades do programa, achegando orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de pagamento ocasionados polo desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos.

A data límite e improrrogable para presentación da documentación para os pagos parciais é o 15 de outubro de 2019.

A porcentaxe restante da subvención non se fará efectiva até que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos correspondentes á actividade subvencionada engadíndose, o importe do anticipo a conta, se é o caso.

De acordo co artigo 65.4 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, os pagos anticipados e os pagos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

SÉTIMA.- A xustificación final realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, achegando a seguinte documentación:

- a) Orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de gastos ocasionados e pagos realizados no desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos.

- b) Declaración das actividades realizadas e financiadas con este convenio indicando o custo repercutido para a entidade.
 - c) Certificación da Asociación onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento de actividades obxecto deste convenio e que foron debidamente aboados.
 - d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.
1. A xustificación de gastos deberá presentarse con anterioridade ao 1 de decembro de 2019. De conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 xuño, aos efectos deste convenio, considéranse gastos realizados os que foran efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación e aqueles outros gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo.
 2. Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicárase a contía exacta daquel que resulte afectada polo mesmo.
 3. As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente. Con carácter excepcional e en supostos debidamente xustificadas e motivados, poderán aceptarse a xustificación de pago mediante recibí do proveedor para pagos inferiores a mil euros (1.000,00 €).
 4. A documentación xustificativa dos gastos ocasionados e pagos realizados dirixirase á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial, que emitirá informe favorable de ser conforme.
 5. No caso de apreciarse defectos emendables na xustificación presentada polo beneficiario, o órgano administrativo competente poñerá no seu coñecemento e concederlle un prazo de dez días naturais para a súa corrección.

6. Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
7. Cando as actividades teñan sido financiadas ademais de con esta subvención con fondos propios ou outras subvencións ou recursos deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos a actividade subvencionada.

OITAVA.-Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia e realizados no desenvolvemento do obxecto deste convenio. Para estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os realizados dende o 1 de decembro do ano 2018 ata o 30 de novembro do 2019. e que contén coas seguintes características:

a) Que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, ao abeiro deste convenio, e resulten estritamente necesarios.

b) Que teñan a seguinte natureza:

b.1) Gastos do persoal laboral da entidade: custo total, que abranguerá as retribucións e os custos de Seguridade Social e IRPF.

b.2) Axudas de custo e gastos de viaxe, en función das contías fixadas para o grupo 2 no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non superen no seu conxunto o 3% do importe total subvencionable do convenio excepto que, en atención á súa natureza, sexa autorizada outra porcentaxe.

b.3) Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro deste convenio.

Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e

os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada, se son indispensables para a súa axeitada preparación ou execución, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas na condición de membros das Xuntas Directivas ou Consellos de Dirección das entidades.

As dúbidas ou controversias en relación coa subvencionalidade dos gastos serán resoltas pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, por propia iniciativa ou a petición de calquera das entidades solicitantes.

NOVENA.- Con data límite do **15 de xaneiro de 2020**, a asociación deberá achegar á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial unha memoria final sobre a totalidade das actividades obxecto deste convenio, segundo o modelo que se xunta como **Anexo 2 e empregando a sede electrónica, tal e como se indica na cláusula décima** .

DÉCIMA: Para a remisión da documentación relativa a este convenio utilizarase a sede electrónica da Xunta de Galicia mediante a cumprimentación do procedemento electrónico denominado “PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTÉN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRÓNICO NORMALIZADO (PR004A), dirixíndoas a atención da Dirección xeral de Asistencia Sanitaria.

DÉCIMA PRIMEIRA.- Constituírase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Dous representantes do Servizo Galego de Saúde.
- Dous representantes da Asociación.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, a presidenta do Servizo Galego de Saúde será a competente para resolver as distintas cuestións que

foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA SEGUNDA.- Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, en todo o que non se opoña á lei.

DÉCIMO TERCEIRA.- A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da asociación “RENACER” que realicen as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO CUARTA.- Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

DÉCIMO QUINTA.- A asociación prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercizo das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o **31 de decembro de 2019**.

DÉCIMO SÉTIMA.- Serán causas de resolución deste convenio:

a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.

b) O mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

DÉCIMA OITAVA.- A firma deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei Galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente Convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade asínase polas partes este convenio en cuadriplicado exemplar, no lugar e data enriba sinalados.

Polo: **SERVIZO GALEGO DE SAÚDE** Pola: **ASOCIACIÓN “RENACER”**
P.D do 5 de abril de 2019

Asdo.: Jesús Vázquez Almuíña

Asdo.: María José Garabán Rebollido

ANEXO 1: MODELO RELACIÓN ORDEADA DE GASTOS

NÓMINAS

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	Importe líquido	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

IRPF

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	IRPF	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

SEGURIDADE SOCIAL

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes	Desconto SSoc trab	SSoc empresa	Total	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
								0,00 €	

ANEXO 2: MEMORIA FINAL

1. Características básicas do dispositivo: data de inicio do funcionamento do centro, fotocopia cotexada do CIF, concellos de referencia, habitantes de referencia segundo os datos do INE a mes de xaneiro do ano en curso, organigrama, horario de funcionamento do centro, ubicación, número de despachos.
2. Cadro de persoal: especificar cada unha das persoas que colaboren coa asociación, indicando o nome, horas semanais traballadas (diferenciando entre horas asistenciais e de xestión se son clínicos), posto desempregado, titulación académica, salario mensual sen complementos, trienios, retribucións complementarias, tipo de contrato.
3. Actividades realizadas:
 - Usuarios atendidos no ano natural. Especificando o número de homes e mulleres.
 - Número de reunións de coordinación con dispositivos da rede de saúde mental.
 - Programas de incorporación social: data, denominación, descrición, poboación diana, poboación acadada se procede.
4. Balance de ingresos e gastos:

Ingresos:

 - Informe que inclúa a contía de tódalas axudas económicas recibidas e a súa orixe e data de percepción (subvencións, doazóns e legados).
 - Débedas con entidades de crédito.
 - Ingresos e beneficios, se é o caso, de exercicios anteriores.
 - Ingresos por cotas de socios.
 - Outros ingresos: ingresos financeiros, por actividades de recadación.

Gastos:

 - Gastos de persoal: retribucións básicas e complementarias, cotas á seguridade social, gastos de formación ao persoal, gastos de viaxes.
 - Gastos de mantemento: arrendamento/aluguer, reparación e conservación, contratación de servizos, transportes, primas de seguros, subministracións, material de oficina, limpeza, traballos realizados por outras empresas.
 - Tributos.
 - Gastos e perdas de exercicios anteriores.
 - Especificar outros gastos: financeiros, amortización de débedas.
5. Reclamacións presentadas polos usuarios: xuntar copia de tódalas reclamacións achegadas polos usuarios no libro de reclamacións e as respostas ás ditas reclamacións.
6. Cubrir as fichas de indicadores remitidas dende a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial.

ANEXO 3 : DECLARACION RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE									
RAZÓN SOCIAL								CIF	
TIPO	NOME DA VÍA					NÚMERO	BLOQUE	PISO	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		MUNICIPIO			LOCALIDADE			
TELÉFONO	FAX		CORREO ELECTRÓNICO			PÁXINA WEB DA ENTIDADE			
DATOS DO REXISTRO ADMINISTRATIVO NO QUE ESTÁ INSCRITA (identificación do Rexistro e número de inscrición).									
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calqueira medio válido en dereito)									
NOME/RAZON SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO			SEGUNDO APELIDO			NIF	
EN CALIDADE DE									
DATOS BANCARIOS									
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada, onde se realizará o abono da subvención.									
TITULAR DA CONTA					NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)				
					IBAN				
A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE: 1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas: ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención. ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:									
ORGANISMOS				ANO		IMPORTE (€)		DISPOSICIÓN REGULADORA	
Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.									
2. Que a entidade solicitante, así como, se é o caso, as entidades integrantes que se propoñen como executantes: a) Non están incursoas en ningún dos supostos sinalados como prohibición para obter a condición de beneficiario/a no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. b) Están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de acordo co previsto no artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento. c) Están ao día no pagamento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e fronte á Seguridade Social e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Asimesmo, declara que dispón da documentación acreditativa e que se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o tempo de vixencia do convenio.									
3. Que de conformidade co establecido no artigo 69 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro, se cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente, que se dispón da documentación que así o acredita, que se porá a disposición da Administración cando sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao devandito recoñecemento ou exercicio.									
4. Que todo o persoal contratado que vai participar no proxecto non ten sido condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e o abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, en aplicación do artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil, así como que as persoas voluntarias que van participar no proxecto e que están relacionadas con menores de idade, non teñen antecedentes penais non cancelados por delitos de violencia doméstica ou de xénero, por atentado contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou dos fillos/as, ou por delitos de tráfico ilegal ou inmigración clandestina de persoas, ou por delitos de terrorismo en programas cuxas persoas destinatarias teñan sido ou poidan ser vítimas destes delitos, en aplicación do previsto no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.									
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE									
Lugar e data									
			de		de				